
Novas

Reseñas elaboradas por RAMÓN CID MANZANO

Evaluación en matemáticas. Una integración de perspectivas

Joaquín Giménez Rodríguez.

Editorial Síntesis

Dado o interese evidente que a avaliación posúe e aínda máis na perspectiva da presente Reforma Educativa, o presente título ven a aporta-la súa axuda nesta cuestión, ofrecendo camiños concretos de traballo, e ademáis, algunhas reflexións desdo o plano teórico que considera o autor necesarias para os profesores e profesoras.



Historia de la tecnología

Donald Cardwell.

Alianza Universidad

Tanto a ciencia coma a tecnoloxía son actualmente elementos dunha relevancia social indiscutible, difícil de imaxinar en épocas pasadas. Sen embargo, non se ten chegado nun día ata o estado actual das cousas. sociedade tecnoloxizada é o produto dunha dilatada historia da tecnoloxía, tan apaixonante como descoñecida por boa parte dos seus membros, pero en particular, descoñecida por moitos dos que nos adicamos ó ensino das ciencias. Cun notable esforzo de documentación e síntese, o lector pode atopar aquí unha obra seria e divulgativa, que abrangue dese desde o mundo clásico, e pasa pola idade media, o renacemento, a revolución industrial, e finaliza cunha penetrante análise do desenvolvemento tecnolóxico previsible no futuro inminente.


POR QUÉ GEOMETRÍA? Propuestas didácticas para la ESO

Claudi Alsina Catalá, Josep M.^a Fortuny

Aymemí, Rafael Pérez Gómez. Editorial

Síntesis

Ofrécese aquí un manual que trata do mundo xeométrico e o seu papel na aprendizaxe e o ensino das matemáticas. Asemade, ó longo do texto fanse explícitas de xeito especialmente concreto algunhas das seguintes intencións: axudar a desenvolver estratexias de pensamento, traballar matemáticas experimentalmente e disfrutar das súas aplicacións prácticas.



Las vidas privadas de Einstein.

Roger Highfield y Paul Carter.

Espasa Calpe.

Cúmprese este ano o noventa aniversario do descubrimento por parte de Einstein do Principio de Equivalencia para os sistemas mecánicos

uniformemente acelerados, e que constitúe a primeira pedra da Teoría Xeral da Relatividade, que para moitos supón unha das mías grandes obras do intelecto humano. E polo tanto un boa ocasión para adentrarse na vida deste científico xenial e ademais desde unha biografía moi humana e que escapa da fácil mitificación. As relacións de Einstein coa súa muller -Mileva Maric- e as implicación dela no traballo do seu home, o nacemento dunha filla antes do seu casamento, a morte dun dos fillos nun sanatorio siquiátrico, etc. Neste libro atoparemos a cara máis descoñecida e humana dun home cheo de complexos e de profundos conflitos internos.

Los tres primeros minutos del universo.

Steven Weinberg.

Alianza Editorial.



Trátase dun clásico dentro dos libros de divulgación, pero agora traducido por José Manuel Sánchez o que lle confire, se cabe, un maior propio traductor, Weinberg úne a outros nomes que iluminaron o noso entendemento na comprensión do universo, tales como Galileo, Kepler, Euler, Eddington ou Einstein. Ademais, case vinte anos despois da súa primeira aparición, o libro conserva todo o seu vigor e atractivo (con moi poucas salvedades, que se apuntan no propio volume). Pódese dicir que ten superada a implacable proba do tempo, que no caso da ciencia tende a ser inexorable na maioría dos casos. Trátase dunha desas poucas obras que poden presumir de quedar asociadas cunha profunda revolución conceptual, de transmitir á sociedade -incluíndo aquí tamén ós especialistas- unha nova forma de mira-lo mundo.
